



## PROGRAMA “GRAND PRIX FINANCEIRO”

Convocatoria do programa “Grand Prix Financeiro”, enmarcado dentro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a entidade financeira Abanca Corporación Bancaria S.A. para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do impulso do espírito emprendedor, no marco do Plan Eduemprende.

### OBXECTIVO

Esta convocatoria ten por obxecto desenvolver actividades e xogos para que o alumnado aprenda, dun xeito activo e en primeira persoa, as primeiras pautas de como adaptarse a un orzamento e a importancia do aforro na vida.

### DESTINATARIOS

Alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

### DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Os centros participantes poderán elixir a modalidade presencial ou virtual para a realización deste programa.

*O desenvolvemento da actividade, na modalidade presencial, estará supeditado á situación sanitaria e ao establecido polo protocolo no ámbito educativo para este tipo de actividades.*



### MODALIDADE PRESENCIAL

#### Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

A través dun taboleiro xigante do xogo da Oca, de 4 x 4 metros, e de diferentes paneis, o alumnado participante traballará conceptos básicos da educación financeira adaptados a súa idade.

No xogo da Oca os nenos e nenas, en base a un salario, terán que distribuír o diñeiro e tentar de chegar a fin de mes (distinguindo entre os gastos inescusables e os secundarios).





A actividade presencial desenvolverase do seguinte xeito:

- **Paso 1: A fonte dos cartos.**  
Canto gasto facemos durante o día?  
De onde proceden os cartos que temos?  
Que é un salario? Xogamos coas matemáticas.  
Facemos unha boa compra?
- **Paso 2: As árbores dos desexos e as necesidades.**  
Reflexión sobre a diferenza entre desexar e necesitar.
- **Paso 3: Educación financeira- Educación solidaria.**  
Dedicado á educación solidaria e á boa xestión de recursos. Un mundo sostible e solidario para unha economía forte.
- **Paso 4: Unha oficina bancaria: o lugar onde dormen os cartos.**  
Facemos os bancos máis divertidos?
- **Paso 5: O xogo da oca.**  
Seremos capaces de chegar a fin de mes? 30 cadros, 30 días do mes.



#### MODALIDADE VIRTUAL

**Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.**

“La loca aventura del ahorro” é unha ferramenta didáctica baseada na gamificación, coa que o alumnado terá a oportunidade de prepararse financeiramente para a vida adulta. A través dun taboleiro de xogo dixital, o alumnado deberá tomar decisións similares ás que toman os seus pais e nais no día a día. **Enlace á actividade:**

[lalocaaventuradelahorro.afundacion.org](http://lalocaaventuradelahorro.afundacion.org)

#### SOLICITUDES

A solicitudes, conforme ao Anexo I, enviaranse ao enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) co seguinte asunto: Solicitud programa Gran Prix Financeiro 2020-2021.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria en <https://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o 9 de decembro de 2020.

#### SELECCIÓN DOS CENTROS

O número máximo de centros que poderán participar nesta actividade distribúese do seguinte xeito:

##### Modalidade presencial

2º Trimestre	Terceiro Trimestre
5 centros	5 centros

*Non será posible a acumulación de prazas dun trimestre para outro.*



### **Modalidade virtual**

Non hai límite de centros.

Non hai número máximo de alumnos/as por centro, pero si hai un mínimo de dous grupos por centro escolar (aproximadamente 50 alumnos/as) tanto na modalidade presencial como na virtual. O alumnado que participe presencialmente distribuirase en subgrupos de 12 alumnos/as.

O xogo da oca mide 4x4 m e o resto de *stands* 6x8 m. Os centros que realicen a actividade de forma presencial deberán dispoñer dun espazo suficientemente amplo no que se poidan garantir as medidas de seguridade sanitarias.

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado. As datas desta formación acordaranse entre os responsables do programa “Afundación Obra Social Abanca” e os/as coordinadores/as do programa dos centros educativos participantes.

### **COMEZO DO PROGRAMA**

A actividade comezará a desenvolverse a partir do 11 de xaneiro de 2021.

### **FINALIZACIÓN DO PROGRAMA**

O programa finalizará no mes de xuño, antes do remate do curso escolar 2020-2021.

Afundación Obra Social Abanca reservará o dereito de non realizar, suspender ou finalizar as actividades propostas no caso de que haxa circunstancias (derivadas a aplicación de medidas fronte á Covid-19) que afecten á súa realización ou imposibiliten o desenvolvemento do programa.



## ANEXO I

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN GRAND PRIX FINANCEIRO

DATOS DO CENTRO					
CENTRO		CÓDIGO DO CENTRO		CIF	
ENDEREZO		C.P	LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO		FAX		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
PERSOA COORDINADORA		TELÉFONO DE CONTACTO		ENDEREZO ELECTRÓNICO DE CONTACTO	
Nº DE ALUMNOS/AS PARTICIPANTES		CURSO		DATA DE PREFERENCIA	
MODALIDADE					
Modalidade presencial <input type="checkbox"/>			Modalidade virtual <input type="checkbox"/>		
SIGNATURA DO DIRECTOR/A DO CENTRO SOLICITANTE			SIGNATURA DA PERSOA COORDINADORA		





## Anexo I: Solicitud (continuación)

### Información básica sobre protección de datos persoais e dereitos dixitais

Responsable do tratamento.	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven, e informar sobre o seu estado de tramitación.
Lexitimación para o tratamento.	Cumprimento dunha misión de interese público (LOE) e, de ser o caso, consentimento da persoa interesada. <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>
Destinatarios/as dos datos.	Afundación Obra Social Abanca, cando corresponda, e unicamente para facilitarles a información que sexa estritamente necesaria para o desenvolvemento da actividade solicitada.
Exercicio de dereitos.	As persoas interesadas poderán acceder aos seus datos, rectificalos e suprimilos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das oficinas de Rexistro e Información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en: <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos</a>
Contacto delegado de protección de datos e información adicional.	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

Nota: en cumprimento do establecido na Lei orgánica 03/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dos dereitos dixitais, e do previsto no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, infórmase de que os datos que nos facilite mediante a formalización do presente formulario pasarán a formar parte dun arquivo propiedade do Servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas, da Subdirección Xeral de Formación Profesional, e de que se utilizarán exclusivamente para tramitar a súa solicitude e para enviarlle a información pertinente. Así mesmo, infórmase a vostede de que pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través de: <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>

Lin e estou de acordo con estas condicións

